



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240
info@museolugo.org / www.museolugo.org

CONVOCATORIA

Cinema á fresca: Costa da Morte

Este xoves, 28 de agosto, ás 22:00 horas, proxección dunha longametraxe documental experimental dentro do programa Cinema á fresca.

Costa da morte

Lois Patiño / 2013 / 83'

»» **(trailer)**

Sinopse

"Nun entrar do home na paisaxe e da paisaxe no home creouse a vida eterna de Galiza"
- Castelao

A Costa da Morte é unha rexión de Galicia que foi considerada o fin do mundo durante o Imperio Romano. O seu dramático nome provén dos numerosos naufraxios que sucederon ao longo da historia nesta área feita de rochas, brétemas e temporais. Atravesamos esta terra observando as persoas que a habitan: pescadores, mariscadores, madeiros... Somos testemuñas do traballo que realizan, co cal manteñen á vez unha relación íntima e unha batalla antagónica coa inmensidade do territorio. O vento, a pedra, o mar, o lume, son personaxes neste filme, e a través deles achegámonos ao misterio que supón a paisaxe, entendida como unha unidade xunto ao home, a historia e o mito.

»» **(+ info sobre a longametraxe-documental)**

A entrada é de balde

Lugo, 27 de agosto de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo